

o barro e a olaría

O barro
a arxila

As arxilas son rochas sedimentarias formadas a partir da descomposición da pedra de gran, os gneis ou os feldespatos; pola acción da auga, dos gas carbónico, da calor...que se acumularon nas cuncas terciarias e cuaternarias. Son mesturas de diferentes silicatos alumínicos hidratados como a caolinita, illita, emectita, moscovita, con impurezas como areas silíceas, feldespatos, carbonatos, óxidos de ferro...



As arxilas máis puras presentan cores craras.
Os minerais acompañantes dan lugar a que teñan cores variadas.










Cando se evapora a auga a arxila contráese lixeiramente, vólvese ríxida, dura e fráxil.

Mesturada con auga convértese nunha masa plástica facilmente moldeable.












Traballo dunha nena de 5 anos

A plasticidade fai que a arxila sexa apta para crear formas (por moldeo ou modelado).

Ao aplicarlle calor á arxila prodúcense nela cambios irreversibles. A partir dos 1760 ºC fúndese.





Peza cocida



Peza cocida e esmaltada



Pezas sen cocer a secar

Por toda Galiza existen pequenos xacementos de arxila que foron explotados tradicionalmente.
Os máis importantes na actualidade son os de Maceda e Xunqueira de Espadañedo (Ourense); Monforte de Lemos, Foz-Benquerencia, Guitiriz e A Pastoriza (Lugo); Vilalonga, Tui, A Garda, Porriño, Salceda de Caselas e Valga (Pontevedra); Narón, Malpica, Mesía e Boimorto (A Coruña).





Distribución dos principais xacementos de arxilas

USOS DA ARXILA

-Fabricación de elementos de construción: tixolos ou ladrillos, tellas, baldosas, placas ...
-Cerámica utilitaria
-Elementos decorativos e artísticos
-Fabricación de cementos
-Desengraxado de tecidos
-Decolorado de graxas e aceites
-Refino do petróleo
-Usos mediciñais e estéticos …







Forno común en moitas casas de Salvaterra

HISTORIA DA CERÁMICA

A cerámica foi a primeira industria da humanidade, pode ter ata 20.000 anos de antigüidade.
Desde o Neolítico a arxila empregouse para facer recipientes e casas.
Nun comenzo modelábase á man e secaba ao sol ou á beira do lume.
As primeiras pezas cocidas aparecen no Oriente e a cerámica máis elaborada na China.
O torno de alfareiro utilizouse por primeira vez en Exipto hai uns 5.000 anos e de alí pasou a Mesopotamia e Creta. Máis tarde a Grecia e toda Europa occidental.



As pezas máis antigas do mundo (20.000 anos) atopáronse na cova de Xianrendong na China



Bisontes de arxila sobre rochas. Paleolítico.
Le Tuc d'Audoubert (Arriégue-Francia)

Desde tempos remotos a arxila úsase en Galiza para realizar obxectos útiles e artísticos como nos amosan os restos de cerámica atopados nos numerosos castros de todo o país e os abundantes restos da época romana.



Anaco dun recipiente atopado nun castro de Lugo

Cerámica atopada no castro de Viladonga, en Lugo. (Museo de Lugo)



Cerámica do castro de Borneiro



Ánforas romanas no Museo do Mar de Vigo



Cerámica do Museo Arqueolóxico de Vilalba.

Cerámica do castro de Briteiros (Portugal)







Exposición na Telleira (Vilalonga-Sanxenxo



San Cibrao das Las (San Amaro)



Pezas novas elaboradas a partir dos restos atopados en diferentes castros galegos
Fundación *Terra Termarium*



Castrolandín (Cuntis)



Montalegre (Moaña)

O vidriado xa era utilizado desde a Antigüidade en China, Exipto, Persia e Mesopotamia. Os primeiros vidriados facíanse cunha pasta a base de area, sosa e óxidos de cobre que ao cocerse convertíase nun barniz de cor azul pálida a verde turquesa.

Os chinos perfeccionaron o usos dos vidriados hai 3.000 anos e descubriron o procedemento para fabricar unha pasta branca, fina e transparente (porcelana). Xa utilizaban fornos onde as pezas cocían ata 1000º C.
Os árabes transmitiron as técnicas chinas a Occidente a través de España e desenvolveron a técnica do vidrado metálico.

Os alemáns descubriron o procedemento para fabricar porcelanas duras no século XVIII.



Por Desconocido - LSH 95611 (hm_dig12115), Dominio público, https://commons.wikimedia.org/w/index.php?curid=36911342



Guerreiros de terracota do mausoleo de Quin Shi Huang (enterrados co emperador en 210–209 a. C.

Image by David Castor
https://commons.wikimedia.org/w/index.php?curid=11715766

PROCESO DE ELABORACIÓN DE PEZAS DE ARXILA

1 PREPARACIÓN DO MATERIAL:

O material arrancado dos xacementos sométese a distintos tratamentos segundo o uso ao que se destine.
A arxila pódese usar directamente ou previamente purificada.
Hai anos o proceso de extracción do barro facíase á man con picos e pas e transportábase en cestos, con carretillas e carros. Logo rómpiase con mazos en píos e amasábase mesturádolle auga. Na actualidade faise con máquinas.



Mulleres carrexando barro nunha barreira de Vilalonga.



Explotación de arxila. Buño.

Despois de levar o barro ao obradoiro metíase nun pío ou nun pozo feito no chan no propio lugar de traballo.
Logo rómpiase con mazos e amasábase engadíndolle auga.

Tina






Fig. 370. - *Pía* e *mazo* pra mallal-o barro.

Debuxo de Xaquín Lourenzo (1962



Pilón ou pozo



Maseira co mazo, o sacho e as peneiras.
Museo de Niñodaguia

2 ELABORACIÓN DA PEZA

Pódese facer :

-Modelando á man, cun torno, máquinas...

-Enchendo moldes cunha pasta fluída (coado)





Elaboración dunha peza no torno

















Moldes para distintos tipos de pratos e fontes (Meder)

3 SECADO

Para que perda a auga de forma natural ou en secadeiros.





4 COCCIÓN:

As pezas, unha vez secas, sométese a altas temperaturas para que os cambios físico químicos que se producen no material lles comuniquen novas propiedades (resistencia, rixidez, dureza...)

A cocción nunha única operación chámase biscoitado.

A arxila modelada e endurecida nun forno chámase terracota.



Fornos en Niñodaguia









Fornos de Buño



Forno no Museo de Niñodaguia



Forno de leña en Meder



Forno de Gas en Niñodagia

5 DECORACIÓN:

É unha operación complementaria que se realiza na alfarería, na louza e na porcelana. Pódese facer sobre a peza recén feita (en verde), sobre a peza seca ou sobre a peza previamente cocida, aplicando distintos materiais sobre a superficie.

Se se fai coa peza cocida necesita unha nova cocción.

Os colorantes cerámicos son óxidos metálicos: de cobre (para verdes, vermellos e azul turquesa), manganeso (violeta), cobalto (azul intenso), cromo (verdes), antimonio (amarelos), ferro (vermello e pardo), uranio (amarelos), estano (brancos)...





Decoración dunha peza en crú










a olaría en Galiza

Chámaselle oleiros, cacharreiros, cazoleiros, xarreiros, calleiros ou louceiros aos artesáns (homes e mulleres) que fabrican olas e outros obxectos de barro.

Este oficio foi moi importante noutros tempos xa que a maioría dos recipientes de uso doméstico, o mesmo que para a medida ou transporte de líquidos, eran de barro.

Os propios artesáns vendían os seus produtos nas feiras e mercados ou vendíanllo a intermediarios.

Casa conmigo Rosiña
mira que son cacharreiro,
durmirás en boa cama
e sempre terás diñeiro.



Feira de Palas de Rei (1957)
Foto de Jean Dieuzaide

Na actualidade consérvanse centros de olaría tradicionl en Buño, Niñodáguia, Gundivós, Meder, Bonxe e O Batán. Na primeiras décadas do século XX había en Galiza unas 20 aldeas do Oleiros.

En 1846 Madoz no *Estudo xeográfico-estatístico* indica a existencia das seguintes aldeas de Oleiros:

-Betanzos, Caranza, Buño e Santa Cristina de Baño (A Coruña)

-San Simón da Costa, San Vicente de Pías, Tirimol, Gaioso, Silvarrei, Mondoñedo e Viveiro (Lugo)

-Cartelle, Triós, Niñodaguia, Lobios, Portomourisco e Caldesiños (Ourense)

-Bamio, Catoira, A Guarda e Cesantes (Pontevedra)

Resulta curioso que non se citen lugares dos que hai documentación da súa existencia neses tempos: Bonxe, Gundivós, Loñoá das Olas, Samos, Maceda, Tioira, Trives…



Na feira da Virxe das Augas Santas (Lugo) xúntábanse ata cincuenta carros de cacharros para vender

Foto José Suárez

Os oleiros empregan ferramentas e instrumentos moi sinxelos:
-Pía e pisón para desfacer os cachotes de barro.
-Torno para levantar as pezas e panos, arames, plumas, hisopos, raspadores, canas, fanadoiras ou piteiras..., a maioría elaboradas por eles mesmos. Nalgunhas zonas empregouse o torno baixo, pero máis común é o alto que se pode mover cos pes ou cun pequeno motor.
As pezas rematadas decóranse en verde, sobre a peza recén elaborada pódense facer riscos e vivos coa cana, envaretados coa espita, listas co hisopo ou a pluma...; impermeabilízanse cun vidrado e nalgúns casos con brea ou xema e clara de ovo.






Fig. 371. - *Roda* de *oleiro*.

Debuxo de Xaquín Lourenzo (1962



TONO BAIXO

TONO ALTO. Os máis primitivos estaban formados por un eixo suxeito a unha táboa fixa na parede, ou por medio dun cabalete.





arame de cortar

ferramentas






tarrafa

Os fornos tradicionais dos oleiros eran de leña. Nos pequenos cocían con toxo, carqueixas, uces…
Na actualidade a maioría dos obradoiros empregan fornos de gas.
Houbo lugares nos que se cocía en fogueiras ao aire libre.



Forno de leña en Bonxe



Os fornos tradicionais estaban formados por unha caldeira (onde se queimaba o combustible) e unha zona, enriba desta e separada por unha grella, na que se dispoñía o material para cocer. Moitos eran comunais.

Pezas tradicionais dos oleiros

Cántara, talla, tanlla
Cántaro, **ola** (16 l) medida do viño
Pucheira, **asado**: cociñar ou gardar graxa, chourizos, leite, auga. Tamaño variable.
Pucheira de muxir, gouxo
Pucheiro do mel
Cazola (alta e Baixa): cocido da festa
Cazoleta (máis pequeña que a cazola), para cociñar
Barreñón: para a matanza, lavar a ropa…
Almufía (máis pequeña que o barreñón)
Barril (1 asa): estremo cónico
Barrila: 2 asas
Xarro, xerra: para o viño
Xarro do sulfato
Boleiro, **testo da bica, prato da bica**: poñíase no forno enriba do bolo de pan e tapábase con brasas

lilos




Canabarro do viño
Cunca: tomar o caldo, o leite, viño…
Asador de castañas
Cacheleira: fonte con buratos para escoar as patacas
Alcuza: para o aceite
Prato
Fonte
Prato copo: máis fondo
Cazolo, **gobelete**: para gardar a manteiga ou pingo, o mel…
Cazola de pés
Queixeiras: moldes para facer queixos, formas variables
Tarteira paisana (con tapa), tamaños variables, para os guisos.
Tarteira da area: reforzada con area para resistir mellor o lume.
Botixo ou **porrón**
Botixo de roda, **de volta** ou **timón**
Petos
Lilos: pezas en miniatura para agasallos ou xoguetes


Olaría desaparecida

Recollemos aquí algúns dos lugares de onde se conservan restos, imaxes, información… Moitas veces nos museos, nas colección feitas polos oleiros actuais, en coleccións privadas, en libros, nas casas…



Ola almorceira recuperada
Museo do Pobo Galego










ESGOS (Ourense)





LESTROVE (A Coruña)




MACEDA (Ourense)

A GUARDA (Pontevedra)

Elaboraban pezas de estilo portugués.

Deixaron de traballar nos anos 50 do século XX.




PORTOMOURISCO
e O SEIXO (Ourense)

Traballaban co torno baixo e cocían en forno aberto. Había moitas mulleres oleiras que facían o traballo nas súas casas. Decoraban as pezas con "brincalos" (cintas de reforzo), beliscados e riscos.

Deixaron de traballar hai máis de setenta anos.

As mulleres facían os cacharros e chamábanlle "señoras mestras"

As pezas eran escuras debido á cocción en fogueiras.




barreña
Museo de Niñodáguia



cántaro
Museo de Niñodáguia



Cántara
Museo de Niñodáguia





xarros



barrila.




meleira

Museo do Pobo Galego

SANTOMÉ, RAMIRÁS (Ourense)

Traballaban tanto homes como mulleres.
Usaban o torno baixo.
Puían as pezas antes de cocer (ben secas) cun coio o que lles daba un acabado liso e escuro.
Deixaron de traballar arredor do 1945.





ola
Museo do Pobo galego

LOBIOS (Ourense)

O Marques de la Ensenada fai referencias á existencia de 100 obradoiros. A comezos do século XX so quedaban dous.
Usaban o torno baixo e cocían en fogueiras.

RUBIÁ (Ourense)

Hai referencias da existencia de obradoiros de dous oleiros oriundos de La Bañeza.
Usaban o torno alto.
Deixaron de traballar no 1965.
Facían pezas ao estilo de La Bañeza (León).
Eran coñecidos como “os castellanos”.




Museo do Pobo Galego




cántaro
Museo de Niñodáguia




Tarteira de area
Museo de Niñodáguia




Cántaro



Cantarilla do sulfato




Xarro do viño



Tarterilla de arena



Pucheiro do leite



Cazola do caldo

LOÑOÁ DAS OLAS (Pereiro de Aguiar Ourense)

En 1753 tiña uns 100 oleiros


Deixou de traballar hai uns 80 anos. Usaban torno alto.

Había dúas aldeas de oleiros: Loñoás das Olas e Outeiro.

As pezas non adoitaban levar decoración. Reforzábanse con bordóns.

Hoxe en día estase a recuperar e poñer en valor a través de diferentes iniciativas: Festa Etnográfica de Loñoá fanse demostracións en vivo deste e outros oficios e ábrese o Museo de Olaría; Ruta etnográfica e divulgación pola historia desta artesanía e proxectos de dinamización con artesáns actuais.







cántaro
(Museo de Niñodáguia)



ola
(Museo de Ribadavia)



ola para o sulfato
(Museo Loñoá)



ola de asar castañas
(Museo de Niñodáguia)



pucheira e ola
Museo do Pobo Galego



cántaras para o viño
Museo do Castelo de San Antón





Oleiras de Loñoá
Levando as pezas
ao mercado

MONDOÑEDO (Lugo)

A mediados do século XX traballaban 20 oleiros. So quedou José Ramón Freire (alfar de Vendaval), que deixou de traballar hai uns 40 anos. O obradoiro estaba instalado no barrio dos Muíños de Mondoñedo.


As formas eran sinxelas, decoradas con algún risco ou fitas de barro branco.

Hai uns 15 anos rehabilitouse o obradoiro para poñer en valor o oficio da oleiría. Funciona como obradoiro didáctico e á vez tenda onde se venden produtos de cerámica.



Fig. 378. - Unha coleición de vasixas xa rematadas en Mondoñedo.

Historia de Galiza (1962)






Museo do Pobo Galego




pota





Pota almorceira, queixeira e porrón



Oleiro de Mondoñedo

SAMOS (Lugo)

Hai datos da súa actividade no século XVIII e deixou de funcionar hai setenta anos.
Erán coñecidos tamén como barraxeiros.
Desde hai dez anos fíxéronse intentos de reactivación con cursos e varias fornadas.



Forno de Roxofrei (Samos)



Cerámica de Samos no museo do Pobo Galego

BAMIO (Pontevedra)


Deixaron de traballar nos anos 40 do século XX.
Utilizaban barro de Catoira e da zona de Vilalonga e Dena que transportaban en galeóns.
Eran coñecidos como louceiros.



ola



Xarra
Museo do Pobo Galego



SANGUIÑEDA (Mos, Pontevedra))

Activa principalmente entre as décadas de 1950 e 1970.
A parroquia de Sanguiñeda conta cunha forte pegada vinculada á tradición do traballo do barro, olería e cerámica reflectida nos seus mapas topográficos e arquivos patrimoniais.
Na actualidade, existe actividade de cerámica contemporánea.




Obradoiro e forno (arredor de 1980)




Museo de Oleiros

Oleiría activa















Oleiro de Buño nunha feira de artesanía


BUÑO (Malpica de Bergantiños)

É o centro alfareiro máis importante e un dos máis antigos de Galiza. Traballa con torno alto.
Nas minas de estano do Monte Neme ou nas de ouro de Corcoesto empregábanse crisoles de barro de Buño.
As pezas da Idade Media son sinxelas e sen decoración.
Máis adiante vai evolucionando e mellorando as técnicas.
Nós séculos XVI e XVII hai referencias á elaboración dos canos para a condución da auga a fonte do Mercado de A Coruña.
Cóntase que a comezos do século XX había traballando 200 persoas entre homes e mulleres. Na actualidade uns 13 obradoiros continúan elaborando pezas coas formas tradicionais, á vez que deseñan pezas creativas.
















































“O Rulo”











cazola



pucheiro




pota




fonte



asador de castañas



botella



xineta



xerra



Botixo de roda ou de volta



barrreña





Museo do Forte



Museo no Centro Comarcal de Buño (actualmente pechado).
Contaba con máis de 300 pezas que o etnógrafo Luciano García Alén cedeu de forma gratuita ao Concello en 2005, e que foron expostas desde marzo de 2009.







Pezas nunha exposición










Museo de Oleiros

GUNDIVÓS

Traballan co torno baixo.
Os cacharros levan reforzos ou bincos.
Para impermeabilizar os recipientes que o precisaran (xarras, amboas) dábanlles, logo de cocido, un baño con alcatrán (“pez”). Ao quentar o recipiente con lume de palla o fume ennegrecíao.
Hai tempo houbo homes e mulleres oleiros.
En Gundivós e Liñarán había en vinte oleiros en 1950; en 1960 había seis e en 1965 só quedaba un, “O Zorro”.
Á volta da emigración volvéronse a instalar obradoiros, primeiro Obdulia e logo Alonso, Ventura, Federico e Agapito. Na actualidade so queda un, Elias González, que ten instalado un obradoiro e museo na rectoral de Gundivós.



Traballando nunha mostra de artesanía









Darlle a forma de arriba abaixo, chámase “vestir” o cacharro.









Elias González traballando nun Colexio



Xarro no museo etnolóxico Ribadavia



xarro



escorrecubas




ámboa



xarro



ouriñal,
pinico



pucheiro



Antigo barreñón



Tenda na rectoral de Gundivós

Museo na rectoral de Gundivós














Museo de Oleiros

NIÑODÁGUIA (Xunqueira de Espadañedo)

Traballan con torno alto. Aos oleiros ou cacharreiros tamén lles chaman xarreiros e calleiros. Empregan un vidrado a base de chumbo e sílice sen colorantes que da ás pezas a transparencia do ton amarelado do barro despois de cocer. Tamén destaca a decoración con ondas en orella de boi feitas coa man e mergullando a vasilla no baño de vidrado.
A comezos do século XX traballaban case un cento de Oleiros. En 1993 seis e na actualidade so queda un obradoiro activo: Agustín Vázquez Ferreiro (xubilado) e o seu fillo José.

Ao pasar por Niñodáguia
o primeiro que se ve
son as cuncas a secar
e os fornos a cocer.





Obradoiro




Tenda de Agustín



ola



meleira



pucheiro



alcuza



porrón



caneco



Xerra da auga



barreñón




ouriñal, pinico



prato








Museo de Niñodáguia

Todos os anos celébrase, na primavera “A Fornada Tradicional” e no verán “O Encontro Internacional de Cacharreiros”



Museo de Niñodáguia
Pezas actuais



Museo de Niñodáguia
Pezas antigas



Museo de Niñodáguia
Colección cedida pola familia de García Alén



Museo de Oleiros


Museo do Pobo Galego

BONXE (Outeiro de Rei)

Na Terra Cha de Lugo houbo aldeas de oleiros en Gaioso, Pape, Silvarrei, Constante, Ramil, Tirimol e Bonxe). As últimas en desaparecer foron Pape e Silvarrei.
Hai documentos antigos (Arquivo Xeral de Simancas) sobre a existencia de oleiros en Silvarrei (1571). Tamén hai referencias aos oleiros da Terra do Gaioso nos escritos de Lucas Labrada en 1804, sobre a *Descrición económica do Reino de Galiza*.







Barreñón



Barreña



Queixeira



Cacheleira



Cazola de cú ancho



Cazola de pés




Cazola de cú estreito



Ola



Pucheiro



Xarra

Na década entre 1940/50 reduciuse moito o número de oleiros. A última familia en activo foi a de Indalecio Lombao e Xosefa Ferro en Bonxe, que tamén pecharon e volveron retomar o oficio, cun obradoiro co torno e forno renovados, ao que se incorporou a súa filla Pepa Lombao, logo da súa formación na especialidade de Cerámica na Escola de Artes Aplicadas de Lugo, e de impartir docencia en escolas e talleres. Pepa xubilouse en 2024, e segue a ensinar os valores da olaría tradicional no Museo de Bonxe, en Outeiro de Rei. Traballan con tono alto e as pezas adoitan levar unha decoración pintada con barro branco en forma de fita con medias lúas.

O Monte de San Lourenzo
e o curro do Picato
polos oleiros de Bonxe
nunca serán olvidados.



Indalecio Lombao








Pepa facendo unha peza (2007)





Peza a secar







Tenda
(2007)



cazola



pucheiros





porrón de roda



xerra



sella



queixera (Museo do Pobo Galego)



pota



Museo de Oleiros

MEDER

É un referente histórico da olería tradicional galega na comarca do Condado, mantida viva grazas a sagas familiares como a os Añón. Están vencellados tamén a outras grandes zonas oleiras como Buño
Os irmáns Manuel e José da Alfarería Añón representan a continuidade deste oficio artesán seguindo o traballo do seu pai, e na actualidade seguida polo neto Alfredo Añón que puxo a funcionar o obradoiro despois de anos parado.
Traballa co torno alto e elabora moitas pezas utilitarias como asadeiras, pratos, cuncas, tarteiras...



O cacharreiro na roda
pásache moito traballo;
Maruxiña, se cho pide,
pola túa alma, dállo.

O avó Añón veu de Buño a traballar en cerámicas da zona e logo montou o seu propio obradoiro.



Manuel Añón



Alfredo Añón

Non te burles do oleiro,
que da terra fai diñeiro























ola



xerro



fervedor



pota



pota



TIOIRA (Maceda, Ourense)

Coñecida pola finura e lixeireza das súas pezas. Traballaban con torno alto

Había varias aldeas de Oleiros: Sarreaus, Batán, Carguizoi, Cimadevila e Tioira.

En 1936 unha 60 persoas dedicábanse a oleiría. Deixaron de traballar polo 1968, aínda que Manuel Carrera, que volveu da emigración retomou un tempo a elaboración de cacharros en Batán.

Actualmente o seu fillo retomou o traballo na "Oleiría do batán" en Baños de Molgas, onde combina a elaboración de pezas tradicionais con cerámica decorativa e utilitaria de deseño persoal. Ademáis hai un museo.

En Tioira hai os barros
en Cimadevila as olas,
en Corguizoi os pucheiros
e no Batán os xerros.



xerra das castañas







xarra



xerra de asar castañas



ola



porrón



canabarro



Museo do Pobo Galego
Santiago de Compostela





Museo “Os Oleiros”,
José María Kaydeda
Oleiros

Oleiros de Buño e Gundivos nun obradoiro con alumnado de primaria e secundaria






XLI
MOSTRA DA OLERÍA DE BUÑO
2026
DO 30 DE XULLO AO 2 DE AGOSTO
XLI Muestra de Alfarería de Buño 2026 / XLI Buño's Pottery trade fair 2026


Do 14 ao 16 de agosto
De 11:00h. a 14:00h.
17:30h. a 21:00h.
XI Encontro de Cacharreiros
25
Niñodaguia
Museo Taller de Olería
Alfarería do Batán · Carlos San Claudio
Enrique Cabana · Agustín Vázquez · Antía Caldeiro
Xana Monteiro · Carlos Lima · Antón Román
O Buraco · Susana González
Obradoiros de cerámica
demostración de olería e raku
Visitas guiadas ao Museo
12:00h. e 18:00h.
Música en directo
Xoves 14 ás 21:30h.
Tino Baz
Venres 15 ás 21:30h.
Xunquereteiras
Museo-Taller de Olería
XUNQUEIRA DE ESPADANEDO
XUNTA DE GALICIA
ARTESANÍA DE GALICIA
DEPUTACIÓN OURENSE


XXXII
Alfaroleiros
A Festa do barro!
Do 5 ao 9
de agosto de 2026
Parque Luís Seoane
de Santa Cruz (Oleiros)
Concello de Oleiros

O BARRO NA ESCOLA

O traballo co barro pódese facer a calquera idade xa que é un material que contribúe a realizar unha actividade creativa e pracenteira, á vez que promove o desenvolvemento de habilidades motrices e neurolóxicas.











Forno primitivo feito na escola



O señor das olas

Luciano García Alén (Pontevedra 25/5/1928, Santiago de Compostela 16/10/2015)
Médico e investigador etnográfico.
Percorreu Galiza estudando a olaría popular e pubricou varios libros sobre o tema.

- ***Contribución al estudio de la alfarería popular en Galicia*. (Edicións do Castro, 1979).**
- ***Os oleiros*. A Coruña (Museo do Pobo Galego, 1981).**
- ***La alfarería de Galicia*. (Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1983).**
- ***A alfarería tradicional de Buño. Carpeta de debuxos*. (Deputación Provincial da Coruña).**
- ***O señor das olas. Crónica de viaxes e outras historias*, 1992**
- ***A alfarería tradicional de Niñodaguia. Deseños*, 2006**
- ***A olería da Terra Chá*. (Vigo, Ir Indo, 2005.**

Afredo García Alén (Pontevedra 10/4/1923 e 25/1/1981)
Historiados, arqueólogo e investigador etnográfico.
Fixo a tese doctoral sobre a cerámica popular galega

- **A alfarería na literatura *popular galega (1980)***
- ***La alfarería de Galicia.* (Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1983).**

O noso recoñecemento por ser pioneiros na investigación, divulgación e posta en valor do traballo da olaría en Galiza.







Peza das
Illas dos Açores

Adela Leiro Lois
Mon Daporta Padín
Os debuxos da cerámica (de Vilasó) e moita información foron tomados do libro *Os oleiros*. De Luciano García García Alén. A Coruña (Museo do Pobo Galego, 1981).

Outubro 2026